

lución Esepranza, situada no municipio de Carballeda de Valdeorras (provincia de Ourense) e promovida por *Pizarras Hispanas, S.L.*

2. Para os devanditos efectos informativos poranse á disposición dos administrados exemplares nas seguintes dependencias:

* Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

* Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente de Ourense.

* Concello de Carballeda de Valdeorras.

3. As alegacións formularanse durante o dito prazo de vinte días, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 1999.

Francisco Pan-Montojo González

Director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Resolución do 15 de setembro de 1999, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se somete a información pública o estudo de efectos ambientais do proxecto de tratamento de RSU da Mancomunidade do Morrazo, situado nos municipios de Cangas e Bueu, provincia de Pontevedra e promovido pola Mancomunidade do Morrazo.

En cumprimento do disposto no artigo 2, punto 1, do Decreto 327/1991, do 4 de outubro, de avaliación dos efectos ambientais para Galicia (*Diario Oficial de Galicia* nº 199, do 15 de outubro), e durante o prazo de vinte días, o órgano ambiental someterá o estudo de efectos ambientais ó trámite de información pública, mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude,

RESOLVO:

1. Someter a información pública o estudo de efectos ambientais do proxecto de tratamento de RSU da Mancomunidade do Morrazo, situado en Cangas e Bueu (Pontevedra) e promovido pola Mancomunidade do Morrazo.

2. Para os devanditos efectos informativos poranse á disposición dos administrados exemplares nas seguintes dependencias:

* Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

* Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente de Pontevedra.

* Concellos de Cangas, Bueu e Moaña.

3. As alegacións formularanse durante o dito prazo de vinte días, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 1999.

Francisco Pan-Montojo González

Director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio (expediente 24/1999).

O Pleno Municipal, na sesión do día 13 de setembro de 1999, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar definitivamente o estudo de detalle presentado por *Ventorrillo Coruña, S.A.*, no polígono nº 2 do APE F8.01, coas seguintes matizacións:

-O paso de 12 metros de diámetro, perpendicular á Ronda de Outeiro terá necesariamente a condición de patio de parcela (titularidade privada de uso público), xa que doutro modo as dúas parcelas propostas incumpirían a edificación máxima permitida pola norma zonal 2.1 (70% x Sp x N° plantas).

-A ocupación baixo rasante do espacio libre público será autorizada, e a urbanización deberá cumprir as condicións do artigo 5.2.º 7 a 6 das NN.UU. do plan xeral.

O que se publica para xeral coñecemento significando que contra o anterior acordo cabe interpor recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se practicou a notificación, aínda que previamente, e con carácter potestativo, cabe interpor recurso de reposición perante o propio órgano que dictou a resolución no prazo dun mes. Neste caso, contra a desestimación do recurso de reposición o prazo para interpo-lo contencioso-administrativo será de dous meses contados desde o día seguinte ó da notificación ou, noutro caso, de seis meses contados desde a desestimación presunta, que se entenderá producida polo transcurso dun mes desde a interposición do recurso de reposición.

A Coruña, 14 de setembro de 1999.

Salvador Fernández Moreda

Concelleiro delegado de Urbanismo